

MANIFESTO DO ORGULLO, SANTIAGO 2017

Benvidos a todos e a todas á celebración do día das Diversidades Sexuais na cidade da Coruña

Hoxe, como todos os días, celebramos e defendemos a diversidade coma un valor que debemos respectar e enxalzar, e non hai mellor maneira de facelo que organizando actos que nos axude a visibilizar o orgullosas que estamos de ser diversas. Sen dúbida este é un espazo no que podemos xuntarnos e convivir en liberdade, porque cada día máis a través de actividades como na que estamos, Coruña é unha cidade respetuosa na que conviven tantas cores como persoas, e que por estas datas tinguen as súas rúas coa bandeira do arco da vella.

Hoxe, xuntas, berramos ao unísono polo respecto e a igualdade, como fixemos cando o odio veu montado en autobús, e como estamos a facer aquí hoxe. Un berro que non cesará ata que toda a xente se sume, ata que cheguemos a eses recunchos nos que aínda pervive a idea de que só existe unha forma correcta de ser persoa, a mesma que entorpece a nosa liberdade. Só conseguiremos alcanzar esta meta se seguimos sumando cada día máis a máis persoas, explicando e mostrando a nosa realidade e naturalizando o diferente, algo que se fai posible grazas a tantas axudas individuais e colectivas que recibimos.

Pois este acto conmemorativo da diversidade, é o Orgullo de todos, gais, heteros, lesbianas, trans, cis, bi, queer..., o Orgullo dunha sociedade inclusiva e equitativa que medra gracias e pola diferenza, unha diferenza que suma, nunca resta.

Pero non podemos obviar, que, en pleno 2017, o principio básico da convivencia en democracia aínda non é universal, pois características propias da diversidade humana que hoxe estamos a celebrar seguen a condicionar aspectos básicos da vida cotiá das persoas. Tal que así, non é comprensible que o que teña unha persoa entre as pernas condicione o seu acceso ao mercado laboral, a sanidade ou a educación, nin que o feito de amar sexa motivo de discriminacións. É por isto que o noso é un camiño de loita e reivindicación dos dereitos humanos, un camiño empedrado coas accións de tantos e tantas activistas que nos precederon e que o regaron de dignidade, valentía e incluso sangue. Sen eles non estaríamos onde estamos hoxe, polo que non podemos deixar de telos presentes na nosa memoria.

Eles e elas alzaron as súas voces nun tempo onde o mero feito de “ser” conlevaba penas de cárcere, torturas e abusos, cunha enorme valentía. Esa valentía é a que nos transmitiron e da que facemos uso na nosa loita diaria, á hora de explicar que unha muller trans é unha muller aínda que non o poña no seu DNI, que as crianzas teñen todo o dereito do mundo a ser quen son e medrando felices, ou que todas as orientacións sexuais son igual de válidas.

A pesar de que o traballo de divulgar e concienciar á sociedade na diversidade non cesa, este ano o camiño lévanos pola senda da política, presionando para que o parlamento galego aprobe a futura lei galega de identidade de Xénero, totalmente necesaria para que o colectivo de menores e adultos trans poida vivir na tan ansiada igualdade que predicamos. Precisamos pois,, que esta

norma poña fin á consideración das persoas trans como enfermas mentais que dificulta dende unha inclusión social axeitada ata tarefas da vida cotiá que poden parecer do máis banais.

Quizais resulte difícil de crer, pero unha parte de galegos e galegas trans non pode acceder á servizos sanitarios básicos ata que un psicólogo ou psiquiatra certifique que padecen un trastorno, a disforia de género, cando a realidade é, que as persoas trans son do mais eufóricas.

Por se fora pouco, despois o acceso á saúde convírtese nunha auténtica lotería froito de que non exista un protocolo que forme aos profesionais nas necesidades das persoas trans. Precisamos que o sistema sanitario atenda a tódalas persoas por igual sen escudarse en prexuízos do pasado. Estes prexuízos levan a que se nos cuestione constantemente pola nosa identidade de xénero, entorpecendo o acceso á medicación e negando determinadas ciruxías tan vitais para algunhas persoas que si se realizan a pacientes non trans.

A despatoloxización que propugna a lei de identidade de xénero ten a capacidade de rematar esta situación e asegurar un acceso sanitario igualitario a todos os cidadáns independentemente de características individuais, algo que é un deber das institucións nunha democracia. Cuestionase o noso dereito a verdadeira identidade nos documentos oficiais, o que causa estragos á hora de buscar a tan ansiada integración laboral e nos expón a todo tipo de situacións incómodas polas que ningún cidadán debería pasar. Cuestiónanse as familias das crianzas trans, a súa loita pola felicidade dos fillos e fillas, pretendendo cargalas dunha culpa que só existe nos prexuízos e descoñecemento de quen as acusan.

A loita porque todo isto cambie é moi extensa e precisa de actuacións en tódolos niveis da sociedade, mais precisamos un límite legal que estableza que o dereito de tódalas persoas a vivir con dignidade é un principio básico, equiparándose así coa nosa Constitución. Precisamos que o parlamento galego asuma isto como o asumiu unha gran parte da sociedade.

O noso camiño é longo e dificultoso, mais seguimos nel coa fin de que chegue o día no que o Orgullo só sexa celebración, no que non debemos lamentar agresións LGTBIfóbicas como segue a suceder hoxe en día.

Precisamos a colaboración de todos e de todas para poñer fin a estas actitudes mediante pequenas accións. Por iso precisamos que vos sumedes á nosa loita, a revolución das crianzas trans que rompen co biolóxicamente establecido, mostrando orgullosas que existen nenos con vulva e nenas con pene, que participedes das actividades e acción en defensa do colectivo LGTBI, que divulguemos todos e todas xuntas que existe unha realidade diversa que vai moito máis alá de prexuízos e estereotipos, e que sexamos un mesmo brazo que combata calquera discriminación que presenciemos.

Elevemos todos e todas un berro común, transversal, en prol dos dereitos humanos, o feminismo e a igualdade.

Berremos polo Orgullo construindo diversidades . Grazas!!